



IES Xesús Ferro Couselo

Rúa Ponte Sevilla 43 • 32005 Ourense
T. 988 25 20 00 • F. 988 24 32 50
ies.ferro.couselo@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesferrocouselo>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FONDOLIBROS

Protocolo de devolución dos libros de texto do curso 2021-2022

Segundo a normativa publicada no DOG do mércores 18 de maio de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto, as persoas beneficiarias de libros procedentes deste fondo terán, entre outras, as seguintes obrigas:

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2021/22. **A falta de devolución dos libros de texto será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2022/23.**

Para levar a cabo esta devolución, o alumnado traerá todos os libros (tanto os pertencentes ao fondo solidario como os que voluntariamente decida deixar no centro) nunha **caixa ou bolsa perfectamente identificada** co nome do alumno e o curso no exterior da mesma. Os libros quedarán enriba da súa mesa na súa aula. O prazo máximo para devolvelos será o último día lectivo, ao remate da xornada.

Nos días posteriores á devolución se revisará o estado dos libros e se comprobará o documento asinado polos pais no mes de setembro de 2021 cando se lle entregaron os libros. É imprescindible que comproben ese documento (é o xustificante dos libros entregados ao alumno/a), no que asinaron unha **declaración responsable** na que aceptan as obrigas de usar correctamente e conservar en bo estado os libros de texto recibidos e comprométense a devolvelos ao fondo solidario ao rematar o curso 2021-2022.

Comproben na casa o estado dos libros para borrar posibles marcas ou anotacións feitas a lapis. Comproben tamén que teñen na casa todos os libros que figuran nese documento.